**DECRETO**
**EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,**

**ASUNTO: APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NA MODALIDADE DE XERACIÓN DE CRÉDITO (EXPTE XC 12-2024). CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE LUGO PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS 2024 NO CONCELLO DE LUGO**

Visto o expediente tramitado relativo ao compromiso firme de financiamento polo importe de 332.088,20 € en base ao CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE LUGO PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS 2024 NO CONCELLO DE LUGO, aprobado pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo o 31.05.2024 e asinado polas dúas partes nesa mesma data (importe total do gasto subvencionable é de 380.256 € cun coeficiente de financiamento por parte da Excma. Diputación de Lugo do 0,95 %), así como a natureza de financiamento afectado da aportación da Deputación Provincial, que obra no expediente, propúxose a tramitación do correspondente expediente de crédito mediante a modalidade de xeración de crédito (compromisos firmes de aportación), e examinados os antecedentes obrantes no expediente:

- Vista proposta do Xefe de Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Xosé Manuel Cao Rei, solicitando modificación orzamentaria mediante a modalidade de xeración de crédito polo importe de 361.243,20 €.

Tendo en conta o interese na execución dos citados programas, así como a natureza de financiamento afectado da aportación da Excma. Deputación Provincial.(Importe total do gasto subvencionable é de 380.256 € cunha aportación da Deputación Provincial de 361.243,20 €).

-Proposta da Excma. Sra Alcaldesa do 10.06.2024 de iniciación do expediente de modificación de crédito, mediante a modalidade de xeración de crédito por mor da executividade dos recursos afectados:

***"PROPOSTA DA EXCMA. SRA. ALCALDESA.***
***ASUNTO. Expediente de xeración de crédito nº 12/2024***

*- Visto CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE LUGO PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS 2024 NO CONCELLO DE LUGO, aprobado pola Xunta de Goberno da*



MURALLA
patrimonio da humanidade

Firmado por: ***539*** - MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO (FECHA: 2024-06-11 14:01:22.00)
CVD: p54y24IT5enZjjbS5bAr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
Nº de decreto/resolución: 5634/2024
FIRMADO POR ***539***-Mercedes Paula Alvarellos Fondo (FECHA: 11/06/2024)
Decreto Nº: 5634/2024 - Fecha de firma: 11/06/2024
Versión imprimible

*Deputación Provincial de Lugo o 31.05.2024, e asinado polas dúas partes nesa mesma data, cuxo obxecto figura reflicito na cláusula Primera:*

*"Este convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo, en exercicio das súas competencias, para a execución das actuacións que se detallan a continuación:*

| *Actuacións:<br>Organización e execución de actividades culturais 2024* | *CUSTE TOTAL<br>(IVE engadido)* |
|---|---|
| *Festival de Música Cidade de Lugo* | *77.440,00 €* |
| *Mostra de Teatro Clásido de Lugo* | *82.280,00 €* |
| *Lucus Music Festival* | *15.000,00 €* |
| *Ulysses* | *10.000,00 €* |
| *Lugomáxico* | *44.770,00 €* |
| *Muralleando* | *44.770,00 €* |
| *Arte na rúa* | *10.285,00 €* |
| *Tarde e tardiña* | *24.200,00 €* |
| *O que queda de verán* | *13.310,00 €* |
| *Represetacións teatrais e de artes do movemento* | *27.830,00 €* |
| *Enredando co galego* | *5.445,00 €* |
| *Mihlsons* | *5.445,00 €* |
| *Atopémonos bailando* | *14.036,00 €* |
| *Soundsystem no camiño* | *5.445,00 €* |
| *CUSTE TOTAL* | *380.256,00 €* |

*Para alcanzar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:*

| *ACHEGA DEPUTACIÓN* | *ACHEGA CONCELLO* | *TOTAL* |
|---|---|---|
| *361.243,20 €* | *19.012,80 €* | *380.256,00* |

*- Vista proposta do Xefe de Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Xosé Manuel Cao Rei , solicitando modificación orzamentaria mediante a modalidade de xeración de crédito polo importe de 361.243,20 €*

*Tendo en conta o interese na execución dos citados programas, así como a natureza de financiamento afectado da aportación da Excma. Deputación Provincial.*

*Propónse a tramitación do expediente administrativo de modificación orzamentaria mediante a modalidade de xeración de crédito, segundo o seguinte teor e creando a tal efecto as aplicacións orzamentarias, de ser o caso, e os Códigos de Proxectos seguintes:*

- ❑ *Obxecto :*
- ❑ *Importe total **Gasto subvencionable: 380.256,00 €**. co seguinte desglose*
  - *- Aportación Deputación Provincial: 361.243,20 €*
  - *- Aportación Municipal: 19.012,80 € Recursos Propios ordinarios*

- ❑ *Coeficiente de Financiamento Afectado Global Inicial: 0,95%*
- ❑ *Observacións: Finanzamento.*
- ✓ *Xeración de crédito: 332.088,20 €.*



FIRMADO POR ***539***-Mercedes Paula Alvarellos Fondo (FECHA: 11/06/2024)
Decreto Nº: 5634/2024 - Fecha de firma: 11/06/2024
Versión imprimible

*Xeración de créditos.-*

*ESTADO DE INGRESOS:Compromisos de ingreso da Deputación Provincial.-*

| *Concepto* | *Código proxecto* | *Importe* |
|---|---|---|
| *46100* | *243300002* | *332.088,20 €* |

*ESTADOS DE GASTOS: Xeración de créditos en base ós compromisos firmes de aportacións anteriores.*

| *Aplicación Orzamentaria* | *Código proxecto* | *Importe* |
|---|---|---|
| *33000.22699* | *243300002* | *332.088,20 €* |
| | *TOTAL* | *332.088,20 €* |

***Observacións:*** *Se ben o compromiso da Excma. Deputación Provincial de Lugo ascende a 361.243,20 €, proponse a xeración de crédito por importe de 332.088,20 €, ao terse tramitado dous expedientes de transferencia de crédito (TC 13/2024 por importe de 19.475 €- Decreto nº 4313/2024 do 08.05.2024, e TC 19/2024 por importe de 9.680 €- Decreto nº 5250/2024 do 31.05.2024) para dar cobertura a determinadas obrigas incluídas no obxecto do convenio que debían executarse antes de que este se puidese asinar. Nestes expedientes xustificouse que o crédito non era necesario nas aplicacións que o cedían, e, de xerarse agora nas que o recibiron, duplicariase a consignación. Actuando deste xeito conseguirase un aforro trasladable ás magnitudes de liquidación do orzamento"*

**-Informe favorable da Intervención Xeral Municipal Ref. 2024/868 do 11.06.2024.**

Vistos os antecedentes anteriores, considerando o disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado, e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demáis normativa, **RESOLVO**:

Aprobar o presente expediente de modificación de crédito mediante a modalidade de xeración de créditos (expediente número 12/2024), introducíndose nos estados de gastos e ingresos as seguintes modificacións, con imputación aos códigos de proxecto que máis abaixo se sinalan, creando, de ser o caso, as aplicacións orzamentarias indicadas:

- ❑ *Obxecto :*
- ❑ *Importe total Gasto subvencionable: 380.256,00 €. co seguinte desglose*
  - *- Aportación Deputación Provincial: 361.243,20 €*
  - *- Aportación Municipal: 19.012,80 € Recursos Propios ordinarios*

- ❑ *Coeficiente de Financiamento Afectado Global Inicial: 0,95%*
- ❑ *Observacións: Finanzamento.*
- ✓ *Xeración de crédito:* ***332.088,20 €****.*

*Xeración de créditos.-*

*ESTADO DE INGRESOS:Compromisos de ingreso da Deputación Provincial.-*



MURALLA
patrimonio da humanidade

FIRMADO POR ***539***-Mercedes Paula Alvarellos Fondo (FECHA: 11/06/2024)
Decreto Nº: 5634/2024 - Fecha de firma: 11/06/2024
Versión imprimible

| *Concepto* | *Código proxecto* | *Importe* |
|---|---|---|
| *46100* | *243300002* | *332.088,20 €* |

*ESTADOS DE GASTOS: Xeración de créditos en base ós compromisos firmes de aportacións anteriores.*

| *Aplicación Orzamentaria* | *Código proxecto* | *Importe* |
|---|---|---|
| *33000.22699* | *243300002* | *332.088,20 €* |
| | *TOTAL* | *332.088,20 €* |

***Observacións:*** *Se ben o compromiso da Excma. Deputación Provincial de Lugo ascende a 361.243,20 €, proponse a xeración de crédito por importe de 332.088,20 €, ao terse tramitado dous expedientes de transferencia de crédito (TC 13/2024 por importe de 19.475 €- Decreto nº 4313/2024 do 08.05.2024, e TC 19/2024 por importe de 9.680 €- Decreto nº 5250/2024 do 31.05.2024) para dar cobertura a determinadas obrigas incluídas no obxecto do convenio que debían executarse antes de que este se puidese asinar. Nestes expedientes xustificouse que o crédito non era necesario nas aplicacións que o cedían, e, de xerarse agora nas que o recibiron, duplicariase a consignación. Actuando deste xeito conseguirase un aforro trasladable ás magnitudes de liquidación do orzamento"*

Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo cal deberase introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados deste expediente.

Cúmprase.



FIRMADO POR ***539***-Mercedes Paula Alvarellos Fondo (FECHA: 11/06/2024)
Decreto Nº: 5634/2024 - Fecha de firma: 11/06/2024
Versión imprimible